

CONVENIO DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO SEGURA E PROTEXIDA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, CON PERSPECTIVA DE XÉNERO, POLA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA; E POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

REUNIDOS

Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das Vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 94, do 16 de maio de 2022), no uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente (Diario Oficial de Galicia n.º 23, do 21 de marzo de 1983).

Dña. Elena Rivo López, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 68/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, e no uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente (Diario Oficial de Galicia n.º 23, do 21 de marzo de 1983).

D. Luis Menor Pérez, presidente da Deputación Provincial de Ourense, na representación que ostenta en virtude de artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Jose Antonio Rodríguez Araujo, Presidente da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (CIF G32008765), quen se atopa debidamente facultado para este acto no exercicio das competencias que lle confire o artigo 26 dos estatutos da Asociación Empresarios Polígono San Cibrao (nº de depósito 32000112, no rexistro de asociacións)

Interven en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que a cada unha lle están conferidas, se recoñecen mutuamente capacidade xurídica e de obrar suficientes para subscribir o presente convenio e, para tal efecto,



EXPOÑEN

- I. Que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia no Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte. En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, a planificación, a promoción, a proxección, a construción e a xestión dos centros integrados de transporte e de plataformas para as actividades do transporte e a operatividade loxística de mercadorías.
- II. Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de conformidade co previsto no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ten entre as súas competencias o promover e adoptar medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes e, concretamente a través da Secretaría Xeral de Igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e a eliminación da discriminación das mulleres e homes, a promoción da incorporación do principio de igualdade de trato e oportunidades entre as mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias; proposición de medidas, programas e normas dirixidos á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.
- III. Que a Deputación Provincial de Ourense é unha entidade local que, de acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten entre as súas competencias a cooperación no fomento e desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio da provincia de Ourense.
- IV. Que a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas ten como obxectivo defender os intereses das súas empresas asociadas así como promover a súa competitividade grazas aos servizos que proporciona.
- V. Que a Xunta de Galicia, fundamentalmente a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, está a traballar activamente para mellorar a mobilidade sostible, eficiente e segura no ámbito do transporte de mercadorías. A estes efectos, desenvolveuse o Plan estratéxico para o desenvolvemento dunha rede galega de aparcadoiros seguros para o sector do transporte de mercadorías, do que foi informado o Consello da Xunta foi informado o 14 de setembro de 2023. a Xunta



de Galicia. De acordo con este Plan Estratéxico e coa finalidade de tratar de resolver as necesidades máis inmediatas do sector, a Xunta de Galicia está a desenvolver dúas liñas de actuación, baseadas na distinción prevista no Plan estratéxico entre dous tipos de aparcadoiros para camións en función da súa localización, tamaño e forma de funcionamento:

- a) As actuacións da Xunta de Galicia en relación coas Áreas de estacionamento en tránsito se realizan pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e se concretan na ORDE do 2 de outubro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas ao desenvolvemento de Áreas de Estacionamento Seguras e Protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP), na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para as anualidades 2023 e 2024 (Código de procedemento IF313A).
- b) As actuacións da Xunta de Galicia en relación coas Áreas de Estacionamento de concentración se concretan, de acordo coa previsión do plan estratéxico para o desenvolvemento dunha rede galega de aparcadoiros seguros para o sector do transporte de mercadorías de setembro de 2023, na formalización deste convenio entre a Xunta de Galicia (a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade), a Deputación Provincial de Ourense e a Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas para o desenvolvemento dunha área de estacionamento seguro e protexido en San Cibrao das Viñas que poderá albergar 59 prazas de aparcamento.

- VI. Que todas as partes asinantes son conscientes da gran importancia competitiva que supón o transporte de mercadorías por estrada e os servizos relacionados. Non en van, o Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas rexistra un movemento anual de mercadorías superior aos tres millóns de toneladas converténdose no principal polo da provincia e un dos maiores de Galicia. Porén, é este un sector que sofre con frecuencia roubos de mercadorías e de combustible ademais de verse na obriga de aparcar nas rúas do polígono por carecer de alternativas co evidente impacto na visibilidade, maniobrabilidade, seguridade viaria e fluidez do tráfico.
- VII. Neste sentido, as Áreas de Estacionamento Seguras e Protexidas (AESP) para os vehículos pesados contribúen a mellorar as condicións de descanso dos condutores e condutoras aportando, tamén, seguridade a traballadores/as e mercadorías. Ademais, estas instalacións contribúen de xeito notorio tanto a favorecer o necesario relevo xeracional na profesión como á incorporación da muller a un colectivo fortemente masculinizado.
- VIII. Desde o punto de vista da Xunta de Galicia, a subvención a conceder á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas é unha subvención de concesión directa:



- a) No caso da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia se recolle na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2024 como unha subvención nominativa a favor da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, para o desenvolvemento dunha Área de Estacionamento Segura e Protexida no polígono industrial de San Cibrao das Viñas (Ourense) (artigo 19.4.a da Lei 9/2007).
 - b) No caso da Consellería de Emprego e Igualdade, a subvención se configura como unha subvención de concesión directa ex artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se concede *"con carácter excepcional"*, atendendo á *"razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública"*.
- IX. A concesión directa da subvención desde o punto de vista da Consellería de Emprego e Igualdade xustifícase, de acordo co artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
- a) Por un lado, na importancia de intervir na execución dunha infraestrutura destas características desde o mesmo momento en que é deseñada e proxectada, incluíndo tamén súa execución e xestión, tendo en conta non soamente cuestións como o acceso a servizos esenciais e ao desenvolvemento económico, territorial e social, senón tamén a que:
 - i. Se as infraestruturas son deseñadas, proxectadas, executadas e xestionadas tendo en conta as necesidades da totalidade dos usuarios/as finais (atendendo neste caso de xeito especial as mulleres) constitúen un instrumento capaz de crebar barreiras e favorecer a igualdade de xénero (o que resulta especialmente relevante no sector do transporte de mercadorías atendendo tanto á escaseza de condutores profesionais que afecta ao sector como á falta de atractivo deste sector para as mulleres; falta de atractivo que en gran medida responde á falta de seguridade nas paradas que deben realizarse para descansar).
 - ii. Adicionalmente neste caso, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, considera especialmente relevante contribuir ao desenvolvemento dunha Área de Estacionamento Segura e Protexida integrando en todas as súas fases a perspectiva de xénero no desenvolvemento de infraestruturas públicas para garantir a debida seguridade das persoas usuarias e, especialmente, das mulleres condutoras, coa finalidade de previr e evitar calquera forma de violencia contra as mulleres, en especial, as violencias sexuais, así como determinados equipamentos e protocolos de actuación ante



situacións de violencia sexual, mellorando a seguridade das mulleres do sector.

- b) O Plan Estratéxico para o desenvolvemento dunha rede galega de aparcadoiros seguros para o sector do transporte de mercadorías, de setembro de 2023, identificou o desenvolvemento dunha Área de Estacionamento Seguro e Protexido no Centro de Transporte de San Cibrao das Viñas como o proxecto fundamental a desenvolver pola Xunta en relación coas AESP de concentración, tendo en conta:
- i. Os proxectos de AESP de concentración xa existentes en Vigo e en Lugo así como que en Ourense non existe ningunha área de estacionamento seguro e protexido.
 - ii. Que o proxecto de AESP do Polígono de San Cibrao das Viñas supera os tres obstáculos apreciados no plan estratéxico para o desenvolvemento de AESP de concentración, tanto en relación cos terreos e a viabilidade urbanística do proxecto como respecto da iniciativa empresarial.
 - iii. Que o Polígono de San Cibrao das Viñas é o polo industrial máis importante da provincia de Ourense e o máis antigo de Galicia, contando con máis de 320 empresas instaladas e máis de 8.000 persoas traballadoras, polo que constitúe un espazo idóneo para probar e testar o funcionamento das AESP deseñadas con enfoque e perspectiva de xénero.
 - iv. E que a "Estratexia para o desenvolvemento dunha rede galega de aparcadoiros seguros para o sector do transporte de mercadorías" priorizou os traballos a curto prazo para garantir nun horizonte de aproximadamente un ano resultados visibles (o obxectivo é lograr no ano 2024 máis de 300 prazas de Estacionamento Seguro e Protexido, sumando as actuacións das dúas liñas: AESP de concentración e AESP de tránsito).

En consecuencia, dado o carácter estratéxico do AESP do Polígono de San Cibrao das Viñas para a provincia de Ourense e tendo en conta a inexistencia das rexións próximas a Galicia doutros AESP así como as dificultades para encontrar proxectos nos que concorran, ademais dos requisitos de localización estratéxica, os de dispoñibilidade de terreos urbanisticamente aptos para esta finalidade xunto coa iniciativa privada precisa para desenvolver o proxecto (como sucede no presente caso) considérase que concorren os requisitos previstos no artigo 19.4.c da Lei 9/2007, de subvencións, para xustificar a concesión, con carácter excepcional dunha subvención para o desenvolvemento do AESP do Polígono de San Cibrao das Viñas, que servirá como área de concentración de referencia no entorno de Ourense.



- X. Que as partes manifestan o seu desexo de desenvolvemento dunha Área de Estacionamento Segura e Protexida no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas dada a nula oferta deste tipo de infraestruturas así como a inviabilidade económica de construción dunha área destas características sen un apoio público. Un proxecto desta envergadura precisa dunha decidida aposta institucional así como dun compromiso empresarial que permita que o Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas se afiance como polo loxístico no que se estableza unha alianza sinérxica entre o ámbito empresarial e o institucional que o faga atractivo tanto a nivel nacional como internacional.
- XI. E, de acordo cos antecedentes anteriormente indicados, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Deputación Provincial de Ourense e a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas teñen interese en xuntar esforzos e pór en común as súas sinerxías en prol do desenvolvemento da nova AESP.
- XII. A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para acadar resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

As achegas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade canalízanse a través da concesión dunha subvención directa á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, de acordo co establecido no artigo 19.4, letras a) e c), no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36, letras a) e c), mais o artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. No caso da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2024 recolle a subvención como unha subvención nominativa (artigo 19.4.a da Lei 9/2007); no caso da Consellería de Emprego e Igualdade, a subvención se configura como unha subvención de concesión directa ex artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se concede *"con carácter excepcional"*, atendendo á *"razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública"*.

A achega da Deputación Provincial de Ourense canalízase igualmente a través dunha subvención directa de carácter nominativa a citada asociación, de acordo do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento.

Por todo o exposto, as partes reunidas, en virtude da representación que teñen, conveñen en subscribir este convenio sobre a base das seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e finalidade

O obxecto do convenio é outorgar a subvención da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestrutura e Mobilidade e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e da Deputación Provincial de Ourense á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, coa finalidade de desenvolver unha Área de Estacionamento Segura e Protexida (AESP) no polígono industrial de San Cibrao das Viñas; e establecer as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda. Actuacións e gastos subvencionables

1. Son subvencionables as actuacións dirixidas ao desenvolvemento dunha Área de Estacionamento Segura e Protexida (AESP) no polígono industrial de San Cibrao das Viñas.

A área de estacionamento resultante debe:

- a) Ter unha certificación de nivel Prata, Ouro ou Platino, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ao establecemento de normas que detallan o nivel de servizo e a seguridade das zonas de estacionamento seguras e protexidas, así como aos procedementos para a súa certificación.
- b) Contar cun peche perimetral ou barreira física de polo menos, 1,80 m de altura. Entre a barreira ou peche e a zona de estacionamento haberá unha zona libre de 1 metro.
- c) Dispoñer, cando menos, de 59 prazas de aparcamento cunhas dimensións mínimas de 3,30 metros de ancho por 16,50 metros de longo.
- d) Implementar na instalación todas as medidas necesarias para garantir a debida seguridade das persoas usuarias e, especialmente, das mulleres condutoras, coa finalidade de previr e evitar calquera forma de violencia contra as mulleres, en especial, as violencias sexuais. A tal efecto, a realización da obra deberá ir acompañada dun estudo previo, coa finalidade de identificar e eliminar posibles "puntos negros" (aqueles lugares da instalación que poidan ser percibidos polas usuarias como non seguros, tales como zonas escuras, afastadas, ocultas, etc.) Estas zonas deberán dotarse de maior vixilancia ou medidas de control, como o



uso de espellos, luces ou cámaras, que permitan incrementar o nivel de seguridade.

- e) Incluír, dentro das opcións de compra e consumo dispoñibles na instalación, o subministro de produtos de hixiene feminina, que se poderán adquirir as 24 horas do día, 7 días á semana.
- f) Incluír, dentro dos contactos e procedementos de emerxencia, información relativa aos recursos e servizos especializados en materia de violencia sexual. Irán acompañados de pictogramas facilmente comprensibles.

2. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan efectivamente realizados e pagados dentro do ámbito temporal do convenio.

Estes gastos deberán relacionarse con algunha das partidas previstas no Anexo I (Taboa de custo da actuación).

O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Cando o importe dun gasto externo sexa igual ou superior a 15.000,00 € máis IVE, a Asociación deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben agás que, polas especiais características dos gastos, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade, precisárase polo menos da aprobación da Comisión de Seguimento deses gastos.

Todos os gastos xustificados deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os ditos gastos no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.



Terceira. Financiamento

O importe máximo das subvencións ascendera é CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000€), distribuídos do seguinte xeito:

- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizará unha achega máxima de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 08.02.512A.780.1, código de proxecto 2023 00048, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, sen que supere a porcentaxe do 30% do importe de execución da obra e custes asociados
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade realizará unha achega máxima de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 13.20.313D.781.2, código de proxecto 2018 00112, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, sen que supere a porcentaxe do 30% do importe de execución da obra e custes asociados.
- A Deputación Provincial de Ourense realizará unha achega máxima de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 433.00/780.99, código do proxecto 2367-001, dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2024, sen que supere a porcentaxe do 40% do importe de execución da obra e custes asociados.

No caso de que o importe xustificado para execución de obras e custes non acadase o importe total previsto na presente cláusula, as consellerías asinantes só achegarán o importe que represente a súa porcentaxe da cantidade efectivamente xustificada.

Cuarta. Obrigas e compromisos

1. A Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas , como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- a. Desenvolver as actuacións necesarias para a construción dunha Área de Estacionamento Segura e Protexida que cumpra o conxunto dos requisitos indicados na cláusula segunda do convenio, que en todo caso comprenden:

- 1º. A consecución dos terreos axeitados e previstos na Central de Transportes de Mercadorías de San Cibrao mediante a fórmula que estime conveniente, sempre e cando se garanta a dispoñibilidade do espazo por un tempo superior a 10 anos.



2º. Elaborar o proxecto construtivo e presentalo as administracións outorgantes das subvencións para que dean a súa conformidade ao mesmo.

3º. Contratar, executar, dirixir, recibir e pór en servizo as obras cumprindo os condicionantes recollidos no convenio, na lexislación correspondente e, nomeadamente, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, serán da súa competencia e responsabilidade a consecución de todas as autorizacións que resulten preceptivas, entre outras:

- Proxectos de obra.
- Permisos e licenzas.
- Direccións facultativas e de seguridade e saúde.

4º Achegar o financiamento necesario para a dispoñibilidade dos terreos, a explotación e o mantemento das instalacións.

a. Xustificar a realización das actuacións levadas a cabo e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

b. Facer constar a cooperación das Administracións concedentes en toda a información que se difunda sobre as actuacións obxecto do convenio, tanto nas reunións e nos medios de comunicación como no material que se puidera distribuír. Así mesmo, deberá colocar un cartel de tamaño A3, no acceso ao recinto, no que conste de xeito visible a colaboración das indicadas Administracións.

c. Aplicar un réxime económico na AESP que non supere os seguintes prezos máximos no ano 2024:

1º. Tarifa máxima horaria: 1,50 €.

2º. Tarifa máxima diaria: 12,00 €.

En todo caso, o prezo obtido polo servizo prestado pola AESP en ningún caso poderá supoñer un importe superior ao custe operativo do servizo, calculado en termos anuais.

Para os efectos de comprobar o cumprimento, a AESP deberá remitir a documentación xustificativa necesaria para avaliar o cumprimento desta obriga no primeiro trimestre de cada ano durante o período mínimo fixado na letra h) desta cláusula

a. Estes prezos poderán actualizarse cada ano conforme o IPC vixente. Así mesmo, non existirá impedimento para que os prezos propostos se poidan beneficiar de descontos establecidos polo beneficiario en función do uso doutras instalacións do polígono.



b. Establecer unha porcentaxe mínima de prazas de rotación na AESP do 20%. Para os efectos deste convenio, entenderanse por prazas de rotación aquelas que non están suxeitas a contratos de duración superior á diaria.

c. Obter para a AESP unha certificación de nivel Prata, Ouro ou Platino, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ao establecemento de normas que detallan o nivel de servizo e a seguridade das zonas de estacionamento seguras e protexidas, así como aos procedementos para a súa certificación.

d. Explotar e manter as instalacións coas condicións recollidas no convenio durante un prazo mínimo de 10 anos. Por esta razón, o beneficiario deberá presentar, no primeiro trimestre de cada ano, a seguinte documentación:

- 1º. Certificado vixente emitido por un organismo certificador acreditado, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e de ser o caso, resultado da última auditoría realizada.
 - 2º. Unha memoria da actuación na que se xustifique que as instalacións se explotan e manteñen nas condicións recollidas no convenio.
 - 3º. O balance económico da AESP.
- a. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino da subvención.
- b. Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- c. Presentar, antes da sinatura deste convenio:

1º. Declaración responsable de que a asociación se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter



pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2º. Declaración responsable de que a asociación non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d. A presente subvención ampárase no artigo 56 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE. Consecuentemente, seralle de aplicación as seguintes obrigas:

- a) A infraestrutura estará a disposición dos usuarios interesados dunha forma aberta, transparente e non discriminatoria. O prezo que se cobrará polo uso ou venda das infraestruturas non superará o prezo de mercado.
- b) A concesión ou outro tipo de atribución a terceiros, que no seu caso se realice, para explotar as infraestruturas farase sobre unha base aberta, transparente e non discriminatoria, tendo debidamente en conta as normas de contratación pública aplicables.
- c) Declaracións da entidade beneficiaria de non estar suxeita a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea e de non ter a consideración de empresa en crise, de acordo coa definición establecida no apartado 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014.
- d) Na compatibilidade con outras axudas o límite será o establecido na letra d desta cláusula en relación co disposto na cláusula quinta deste convenio, en cumprimento do disposto no artigo 56.6 do Regulamento 651/2014.

a. As demais previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Deputación Provincial de Ourense comprométense a colaborar coa asociación para a mellor consecución dos fins deste convenio e a contribuír ao financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.

Quinta. Compatibilidade con outras axudas

De acordo co disposto no artigo 37.2 letra c) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, as achegas económicas previstas neste convenio serán incompatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera



Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Sexta. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as Administracións públicas, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima. Subcontratación

1. A Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas poderá concertar con terceiras persoas a execución das actuacións subvencionadas ata unha porcentaxe máxima do 100% do importe da actividade subvencionada, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En todo caso, con carácter previo á súa concertación, deberase informar por escrito as administracións públicas outorgantes das subvencións.

Cando a actividade concertada con terceiras persoas exceda do 20 % do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 60.000 €, o contrato deberá subscribirse por escrito e ser autorizado previamente polo órgano concedente. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir os requisitos anteriores.

2. Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a Asociación, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. A Asociación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a presentar unha declaración de ausencia de conflito de intereses e a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

3. En ningún caso poderá concertar a beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:



- a) Persoas ou entidades que incorran nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización das Administracións públicas asinantes por escrito.

Oitava. Xustificación e pagamento

1. O prazo para presentar a solicitude de pagamento e a documentación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio finaliza o 29 de novembro de 2024.

A solicitude de pagamento presentarase, ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da sede electrónica de Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) no formulario PR004A, e deberá conter o número de conta bancaria da Asociación para realizar o pagamento da subvención.

2. A xustificación das subvencións efectuarase consonte ao establecido na cláusula décimo terceira deste convenio e segundo a modalidade de conta xustificativa, con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- a. Certificación da AESP de nivel Prata, Ouro ou Platino, de acordo co establecido no Regulamento Delegado (UE) 2022/1012, da Comisión, polo que se completa o Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ao establecemento de normas que detallan o nivel de servizo e a seguridade das zonas de estacionamento seguras e protexidas, así como aos procedementos para a súa certificación.
- b. Documentación válida na que se acredite a dispoñibilidade dos terreos por o período mínimo do tempo establecido no apartado primeiro da cláusula cuarta.



- c. Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, na que se recollan as actividades realizadas e a valoración dos resultados obtidos. Esta memoria debe contar con planos e documentos gráficos.
- d. Acreditación da publicidade efectuada sobre a financiación pública do proxecto, ao abeiro da obriga indicada no apartado primeiro da cláusula cuarta.
- e. Unha memoria económica, que incluírá, como mínimo:
 - 1º. Unha táboa de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
 - 2º. Unha relación numerada de gastos con indicación do acredor, do documento, do importe, data de emisión e data de pagamento ordenados e agrupados segundo a súa correspondencia cos capítulos de gasto previstos no anexo I.
- f. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ordenadas correlativamente segundo o número de orde asignada na relación indicada no apartado anterior, así como os documentos que acrediten a efectividade do seu pagamento:
 - 1º. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais nas que a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas estea obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a lei e regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos correspondentes e xustificantes bancarios.
 - 2º. Cada factura irá acompañada da acreditación do seu pagamento efectivo mediante a presentación de xustificantes de transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
- g. Se, tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da Asociación, declaración responsable da persoa representante na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a declaración anual do Imposto sobre o Valor Engadido.



- h. No seu caso, os tres orzamentos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- i. Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- j. Declaración responsable da persoa representante da Asociación de que a documentación que se presenta en copias constitúe unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos.
- k. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- l. No seu caso, a carta de pago de reintegro nos supostos de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

4. Todos os documentos deberán presentarse en formato dixital e asinados con firma válida por un representante da Asociación.

5. Unha vez revisada e validada a documentación xustificativa pola Comisión Técnica, cada consellería e a Deputación Provincial de Ourense aboarán a súa achega económica na conta bancaria indicada pola Asociación na solicitude de pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar cada consellería e a Deputación Provincial de Ourense, de acordo co establecido na cláusula terceira, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento estimado establecido no anexo I.

As administracións públicas asinantes resérvanse o dereito a comprobar, polos medios que estimen oportunos, que a xustificación é correcta así como a veracidade dos documentos presentados. Por tanto, a Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas quedará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida nos prazos legalmente previstos con independencia da data de finalización do convenio.

6. Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo I (Táboa de custos das actuacións) cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao



previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena. Pagamentos anticipados

De acordo co previsto no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas poderá solicitar o anticipo a cada consellería e a Deputación Provincial de Ourense sobre os importes achegados por cada unha delas, que supoñerá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, co límite máximo do 50 % de cada subvención concedida por cada unha das administracións asinantes, naqueles supostos nos que a inversión esixa pagos inmediatos e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, cando se cumpran os dous criterios seguintes:

- Que a Asociación poida acreditar ante a administración correspondente a efectiva dispoñibilidade dos terreos nos termos previstos neste convenio.
- Que, a xuízo da administración outorgante, o grao de execución dos trámites, permisos, proxectos, obras e demais relativas a actuación permitan prever o cumprimento das actuacións nos prazos previstos neste convenio. En caso de que existan dúbidas, poderanse axustar os importes dos anticipos ao nivel que se considere.

Coa solicitude de anticipo, a Asociación terá que presentar a cada consellería e a Deputación Provincial de Ourense as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da non obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Xunto coa solicitude de pagamento anticipado, a Asociación deberá achegar o xustificante de ter constituído unha garantía por importe do 110% da cantidade solicitada. A garantía será liberada unha vez comprobado o cumprimento de todos os requisitos para o pagamento da axuda.

Décima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na



documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira. Fiscalización e control

1. As consellerías e a Deputación Provincial de Ourense poderán levar a cabo as actividades de comprobación que consideren oportunas para controlar o cumprimento do convenio.

2. De acordo co establecido no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente realizará a comprobación material do investimento, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representantes das administracións outorgantes das subvencións como pola persoa beneficiaria.

3. Sen prexuízo do anterior, o órgano concedente realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta orde. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a persoa beneficiaria á cal se lle entregará unha copia, e presentarlle ao órgano concedente xunto co informe de verificación. A persoa beneficiaria queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado para realizar as actuacións copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.



4. Ademais, a Asociación, como beneficiaria da subvención regulada neste convenio, está sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, relativo ao control financeiro de subvencións, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas

Décimo segunda. Reintegro da axuda

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo terceira. Comisión Técnica

Para os efectos de comprobar a xustificación achegada das subvencións concedidas polas administracións concedentes, créase unha Comisión Técnica, que estará integrada por:

- Unha persoa representante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Unha persoa representante da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Unha persoa representante da Deputación Provincial de Ourense.

Esta Comisión Técnica asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada parte, as seguintes funcións:

- Estudar a documentación xustificativa das subvencións concedidas achegada polo beneficiario, de conformidade coa cláusula 8 deste convenio.
- Controlar, de forma conxunta e global, que a documentación xustificativa achegada acredita as subvencións concedidas de xeito que se cumpra a súa finalidade e non existan duplicidades de gasto e/ou a concorrencia de outras subvencións.
- Validar a documentación xustificativa achegada para os efectos de entender cumprida a obriga establecida no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, mediante a emisión dun informe.

A presidencia da Comisión Técnica corresponderá á persoa representante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Para a súa válida constitución deberán estar presentes os representantes de todas as partes que a compoñen.



Os membros da Comisión Técnica reuniranse coa periodicidade que sexa precisa para o cumprimento das súas funcións, e adoptará os seus acordos por unanimidade.

En todo o non previsto expresamente neste convenio para a Comisión Técnica, seralle aplicable o réxime dos órganos colexiados regulado na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou lexislación que en diante o substitúa.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, composta por:

- Unha persoa representante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Unha persoa representante da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Una persoa representante da Deputación Provincial de Ourense.
- Unha persoa representante da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas .

Esta comisión asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada parte, as seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento dos fins previstos no presente convenio.
- Realizar un seguimento das actuacións e/ou actividades incluídas no presente convenio.
- Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde en beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.
- Resolver as dúbidas e controversias que se xeren na interpretación e/ou aplicación do convenio.

Os membros da Comisión de Seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse cunha periodicidade cando menos semestral, adoptándose os acordos que procedan por maioría dos membros.

Ás reunións da dita comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, aquelas persoas técnicas ou representantes das Administracións ou entidades intervintes, así como se é o caso, representantes doutros organismos ou entidades cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento dos compromisos asumidos en virtude deste convenio.

A presidencia da Comisión de seguimento corresponderá á persoa representante da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade



A este respecto, para a súa válida constitución deberán estar presentes os representantes de todas as partes intervincentes no convenio.

En todo o non previsto expresamente neste convenio para a Comisión de Seguimento, seralle aplicable o réxime dos órganos colexiados regulado na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou lexislación que en diante o substitúa.

Décimo quinta. Modificación do convenio

A variación de calquera das obrigas e compromisos recollidos na cláusula cuarta deste documento será causa de modificación do convenio, sempre e cando dita modificación non implique alteración do obxecto e finalidade das subvencións concedidas, sendo de aplicación as previsións contidas ao respecto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.

Décimo sexta. Vixencia

Este convenio producira efectos ao día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro do 2024.

Décimo sétima. Relacións electrónicas

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos.

Décimo oitava. Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e está fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista neste. No caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Décimo novena. Publicidade e transparencia

1. Este convenio será obxecto de publicación no Portal de transparencia e goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Tamén se procederá a súa inscrición no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

2. Así mesmo, comunicarase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) toda a información relativa ás axudas recollidas neste convenio, para a súa publicación, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Vixésima. Protección de datos

1. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións que contén, podan ser incluídos no Rexistro Público de Subvencións, conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, publicados no Portal de transparencia e goberno aberto, ao abeiro do indicado no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e comunicados a BDNS para a súa publicación, en cumprimento do indicado na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.



Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por as partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan electrónicamente este documento.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel María Vázquez Mourelle

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo López

O presidente da Deputación Provincial de Ourense, Luis Menor Pérez

*O presidente da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas,
José Antonio Rodríguez Araujo*



ANEXO I. Táboa de custo das actuacións

PRESUPUESTO DE INVERSIÓN	BASE	IVA	TOTAL
Cerramiento de recinto, zona descanso usuarios y vestuarios	243.634,96 €	51.163,34 €	294.798,30 €
Cámaras de seguridad recinto	19.100,00 €	4.011,00 €	23.111,00 €
Control de accesos aparcamiento	20.716,00 €	4.350,36 €	25.066,36 €
Implantación de plataforma Pverde con bicicletas mecánicas	5.550,00 €	1.165,50 €	6.715,50 €
Sistema de control de accesos Pverde anual	950,00 €	199,50 €	1.149,50 €
Proyecto, dirección de obra, licencias, permisos, otros gastos y equipamientos, imprevistos			149.159,34 €
PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN DE OBRAS Y COSTES ASOCIADOS			500.000,00

